

BOLETÍN EURES-T NORTE PORTUGAL-GALICIA

Unha Eurorrexión en marcha

Actualidade 2

ESPECIAL PORTUGAL 5

Monográfico 8

Emprego 10

Novidades lexislativas 14

Consultas 15

Cooperación empresarial 16

A eurorrexión avanza, como non pode ser doutro xeito, facendo fronte ás dificultades inmediatas como é a crise económica que afecta ambos os dous países e os diversos imprevistos que xorden no seu camiño. Sen dúbida, os logros conseguidos, nos últimos anos, son amplos e importantes. Así, nos últimos meses, rexistráronse iniciativas que permitirán traballar de xeito cohesionado en favor das empresas e dos traballadores.

Con todo, a envergadura do proxecto da Eurorrexión, xunto ao enorme esforzo que supón coordinar dous territorios próximos, pero que traballan por sintonizar ao máximo as súas políticas, proporciona certos desaxustes no proceso de fortalecer as relacións laborais e económicas.

Entre os obstáculos recentes atópase o sistema de peaxes adoptado nos últimos meses de 2009 polo Goberno portugués. Un proxecto que se aplicou, na súa primeira fase, nas autovías do norte do país, precisamente as que facilitan a mobilidade do tecido produtivo e dos recursos humanos de Galicia e do Norte de Portugal.

Os beneficios restrinxidos por Lisboa aos seus cidadáns e as modalidades de pagamento permitidas, provocaron a reacción do empresariado galego que, liderado pola Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), reclamou ante as institucións europeas ao entender que as disposicións do Goberno portugués contradín o dereito comunitario.

No apartado dos avances, destaca a posta en marcha de novos proxectos de colaboración, como a rede de rexións do sudoeste europeo. Unha boa noticia, en canto fortalece a dimensión actual da Eurorrexión, tras favorecer, polo seu tamaño, a consecución de novos e máis ambiciosos obxectivos. O novo tramo de cohesión e cooperación territorial que comezará en 2014, analizado con detalle no interior do boletín, obriga a redefinir o papel desenvolvido, ao longo dos últimos anos, pois a distribución dos fondos rexerase por novos criterios.

Á marxe destas iniciativas, perfiláronse diversas solucións a nivel europeo, que irán mellorando e facilitando a vida e o desenvolvemento económico e social de traballadores e empresas. Así, é o caso das medidas que se poñerán en marcha, nos próximos anos, para mellorar o marco de regulación do IVE, da contratación pública ou da libre prestación de servizos transnacional. Noutras materias, Europa xa fixo os deberes e son, agora, os estados membros os que deben poñer en marcha os beneficios. Isto acontece co novo sistema de coordinación da seguridade social, en vigor desde maio de 2010, ou coa recentemente aprobada directiva sobre a asistencia sanitaria transfronteiriza.

Ata aquí algúns dos contidos que recolle con maior detalle o boletín, que como novidade incorpora ao equipo de redacción aos colegas da asociación territorial do Minho que elaboran un especial sobre a sesión de formación para colaboradores EURES que tivo lugar en Braga o pasado mes de xaneiro.

A Comisión Europea profunda no mercado único de servizos

A Comisión Europea considera a realización dunha serie de actuacións co fin de reforzar, nos próximos anos, o mercado único de servizos. Este mercado, aínda que suma unha quinta parte do comercio total dentro da Unión Europea (UE), representa máis de dous terzos do emprego e do PIB da UE. Con todo, tan só o 8% das pemes europeas desenvolve a súa actividade noutros Estados membros.

Tras a aplicación da Directiva de servizos, que constituíu un importante avance na eliminación dos obstáculos e a modernización e a simplificación da lexislación, a Comisión Europea levou a cabo unha avaliación para valorar a súa aplicación nos Estados membros.

Baseándose nos resultados da nomeada "avaliación recíproca", a Comisión Europea propón unha serie de actuacións para reforzar o mercado único e aproximalo ás necesidades dos cidadáns e das empresas da UE, como detalla na comunicación "Cara a un mellor funcionamento do mercado único de servizos partindo de resultados de proceso de avaliación recíproca da Directiva de servizos" (COM: 2011:0020):

- Velar para que o mercado único funcione sobre o terreo, establecendo un "control de eficacia" na aplicación de todas as normas da UE vinculadas aos servizos.
- Suprimir os obstáculos fiscais aos servizos transfronteirizos.
- Establecer un diálogo bilateral cos Estados membros para coñecer a aplicación e a repercusión no funcionamento dos mercados de servizos.

Á súa vez, a recente comunicación da Comisión Europea "Cara a un acta do Mercado Público" destaca a necesidade de avanzar na consolidación do mercado único de servizos. Contar cun sector servizos dinámico na UE é unha das prioridades fundamentais para alcanzar os obxectivos de crecemento sustentable e integrador da estratexia 2020.

Consultar a páxina do Parlamento Europeo:
www.europarl.europa.eu

Nova directiva sobre asistencia sanitaria transfronteiriza

O Parlamento Europeo aprobou a directiva sobre asistencia sanitaria transfronteiriza, unha norma que clarifica os dereitos dos pacientes que desexen recibir asistencia sanitaria nun país da Unión Europea (UE) distinto do seu. Con este obxectivo, regularonse, entre outros aspectos, as condicións de reembolso dos gastos ocasionados ao recibir tratamento noutro estado membro.

A nova directiva establece que será o país de afiliación (residencia) quen sufrague os gastos de asistencia sanitaria aboados noutro país da UE, coa limitación de reembolsar só os custos de asistencia sanitaria aos que o asegurado teña dereito no seu país de afiliación.

Ante tratamentos especializados ou que os pacientes deban ingresar, polo menos, unha noite, as autoridades nacionais poderán esixir unha autorización previa, que no caso de que fose rexeitada deberán xustificar de acordo ás razóns consideradas na propia directiva.

Coa aprobación desta Directiva, os Estados membros adquiriron o compromiso de crear un servizo de información dirixido aos pacientes que queiran coñecer os seus dereitos en materia de asistencia sanitaria transfronteiriza.

Obxectivo a Unión Europea neste ámbito é garantir os dereitos dos pacientes que desexen ser atendidos noutros países da Unión Europea, así como establecer as normas para unha asistencia sanitaria transfronteiriza de gran calidade e fomentar a cooperación entre os gobernos.

A Eurocámara aprobou o texto, agora, debe recibir o visto e prace formal do Consello, e unha vez que supere este trámite e que se publique a directiva no Diario Oficial da UE, os Estados membros disporán dun prazo de dous anos e medio para traspoñela.

Consultar a páxina do Parlamento Europeo:
www.europarl.europa.eu

Publicado o Anuario estatístico 2010 Galicia-Norte de Portugal

A Xunta de Galicia presentou o *Anuario estatístico 2010 da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal*, un documento que vén a actualizar ao anterior que databa do ano 2003. Este anuario recompila os principais indicadores sobre a conxuntura económica de Galicia e do norte de Portugal, resultando de gran utilidade á hora de formular as estratexias comúns en determinadas políticas transfronteirizas como en materia de intercambios comerciais e de infraestruturas.

Esta iniciativa xurdiu nun principio da colaboración entre o Instituto Nacional de Estatística de Portugal e o Instituto Galego de Estatística, no marco das actividades de coo-

peración transfronteiriza da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, durante o período 1995-2003.

Con posterioridade, no ano 2009, a Xunta de Galicia decidiu asumir a continuidade desta publicación, ao valorar a súa utilidade para todos os axentes implicados na cooperación transfronteiriza. A partir deste momento, o anuario desenvólvese dentro do Programa operativo de cooperación territorial España-Portugal (POCTEP).

Este anuario recolle e sintetiza, os datos que caracterizan ás rexións transfronteirizas de Galicia e do norte de Portugal, desde os puntos de vista territorial, demográfico, eco-

nómico e social. A información presente no anuario está estruturada en tres partes: o territorio e a poboación, os sectores de actividade económica e os indicadores sociais.

Nesta última edición, colaboraron a Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, o Instituto Galego de Estatística e a Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional no Norte de Portugal a través do seu Observatorio das Dinámicas Rexionais. Tamén traballou o Instituto Nacional de Estatística de Portugal na cesión dos datos estatísticos e na preparación dos datos asociados con eles.

A Unión Europea estuda a fiscalidade na repartición de dividendos transfronteirizos

A Comisión Europea puxo en marcha unha consulta pública sobre os problemas fiscais que xorden na distribución dos dividendos transfronteirizos a investidores de carteira e investidores particulares. Con esta iniciativa, a institución europea pretende solicitar información sobre as disfuncións que proporciona o pagamento deste tipo de dividendos e recibir as achegas para a súa solución.

As retencións fiscais aplicadas aos dividendos transfronteirizos son susceptibles, en determinados casos, de prácticas discriminatorias a teor da posibilidade de recibir unha dobre imposición xurídica. O pagamento de dividendos entre as empresas asociadas dos Estados membros estaría exento sempre e cando se cumpran algúns requisitos, en virtude da directiva sobre matrizes e filiais.

A Comisión Europea analizou as posibles medidas para solucionar este problema, como a supresión dos impostos, a limitación da imposición de orixe e residencia dos ingresos por dividendos, ou impostos netos en lugar dos brutos nos Estados de orixe.

A consulta está dirixida a cidadáns, empresas dos Estados membros, administracións, organizacións gobernamentais, profesionais e expertos académicos. A Comisión invita a todos os interesados a presentar as contribucións, antes do 30 de abril de 2011. Todas as achegas publicaránse en Internet.

Pódese acceder á consulta no seguinte enderezo:

http://ec.europa.eu/taxation_customs

Nova consulta sobre o futuro do IVE

A Comisión Europea publica unha consulta sobre o futuro do imposto sobre o valor engadido na UE, co propósito de suscitar o debate sobre a avaliación do sistema actual e mellorar así o réxime desta taxa.

A complexidade actual do IVE xera custos e cargas administrativas innecesarias aos contribuíntes, así como obstáculos ao comercio interior. Ademais, a normativa ofrece certas debilidades fronte á fraude polo que urxe avanzar cara a un sistema máis simple, robusto e eficaz.

Esta consulta está dirixida aos cidadáns, ás organizacións, ás empresas, ás autoridades públicas, ás profesionais, aos expertos fiscais e académicos que desexen facer as súas achegas sobre os problemas actuais e propoñer as posibles solucións.

A Comisión Europea invita a todas as persoas interesadas a que envíen as súas contribucións ás preguntas presentadas no *Libro Verde sobre o Futuro do IVE* (COM:2010:0695), ata o próximo mes de maio, a través do correo electrónico: TAXUD-VAT-greenpaper@ec.europa.eu

Unha vez elaboradas as conclusións da consulta, a Comisión Europea publicaráas na súa páxina web xunto coas achegas recibidas. A finais de 2011, presentarase unha comunicación na que se establecerán as áreas prioritarias de actuación na UE, de cara a un réxime do IVE máis estable e sólido.

Consulta sobre a modernización da contratación pública no mercado europeo

Unha nova consulta aberta pola Comisión Europea entorno ao *Libro Verde sobre a modernización da política de contratación pública da UE. Cara a un mercado europeo da contratación pública máis eficiente* (COM:2011:0015), co obxectivo de solicitar a opinión das partes interesadas ante unha futura reforma da política de contratación pública da UE.

Esta reforma, orientada a simplificar e modernizar as normas europeas sobre a contratación pública, busca garantir un uso máis eficaz dos fondos públicos, e apoiar o crecemento e a creación de emprego ante o contexto económico actual.

O Libro Verde define unha serie de ámbitos fundamentais obxecto dunha posible reforma, algúns deles son:

- Simplificación dos procedementos vixentes e redución da burocracia dirixida especialmente ás pemes.
- Mellor utilización da contratación pública en apoio de obxectivos políticos, como o fomento da innovación ou as consideracións sociais ou ambientais.
- Maior desenvolvemento da lexislación da UE sobre a contratación pública para previr a corrupción e o favoritismo.
- Garantir unha competencia eficaz nos mercados de contratación pública.
- Mellorar o acceso das empresas europeas aos mercados de terceiros países.

As respostas ao Libro Verde deberán enviarse antes do 18 de abril ao seguinte enderezo MARKT-CONSULT-PP-REFORM@ec.europa.eu. O próximo mes de xuño, realizarase unha conferencia sobre a reforma da contratación pública na que se debaterán os resultados obtidos nesta consulta.

O marco xurídico da UE vixente en materia de contratación pública, formado fundamentalmente polas directivas 2004/17/CE e 2004/18/CE, é a última etapa nunha longa evolución iniciada en 1971.

Estas directivas perseguen sobre todo garantir que os axentes económicos gocen das liberdades básicas no ámbito da contratación pública e poidan acceder sen barreiras aos contratos públicos en toda a UE.

Neste sentido, a Confederación de Empresarios de Galicia, como socio da rede Empresa Europa da Comisión Europea, participa desde 2010 nun Grupo de Traballo sobre contratos públicos xunto cos principais expertos da devandita rede na información e no asesoramento empresarial en canto ao acceso e á participación nas licitacións públicas europeas.

O obxecto do grupo de traballo é mellorar as competencias dos socios da rede Empresa Europa para facilitar ás empresas a súa participación na contratación pública a nivel comunitario.

Alianza estratéxica para a creación das rexións do sudoeste europeo

As últimas ampliacións rexistradas na Unión Europea xunto coa evolución das rendas per cápita, nun bo número de rexións, provocaron un endurecemento das condicións esixidas polas institucións comunitarias para captar fondos.

Para facer fronte a este complicado escenario, no que haberá menos fondos para a cohesión e se primará a repartición das novas axudas ás rexións menos desenvolvidas, os gobernos autonómicos de Galicia e Castela e León, xunto co portugués, buscaron novas fórmulas de cooperación.

Con esta idea nace o 17 de setembro de 2010 a macrorrexión rexións do sudoeste europeo, unha fórmula de cooperación territorial máis ampla que a actual Eurorexión, constituída por Castela e León, Galicia e o norte de Portugal. Esta alianza agrupa, nunha superficie de 156.000 Km²,

9,2 millóns de habitantes e, así, supera en número a países como Irlanda, Dinamarca ou Noruega.

A posta en marcha desta macrorrexión pode facilitar os procedementos para acceder aos recursos necesarios para emprender novos proxectos. De feito, a Unión Europea acepta, de bo grao, este tipo de alianzas plurirrexionais con características e fronteiras comúns.

A fórmula de cooperación non é nova e xa foi utilizada, con anterioridade, no territorio español; é este o caso da macrorrexión existente Pireneos-Mediterráneo, creada en 2004 e que agrupa a Aragón, Cataluña, Illas Baleares, xunto a Languedoc-Roussillon e Midi- Pirénées.

Tanto Galicia como Castela e León manteñen, desde hai tempo, unha longa e proveitosa relación con Portugal, materializada no ámbito laboral, cos proxectos europeos para

augmentar a mobilidade transfronteiriza a través do emprego ou dos estudos asociados á prestación de actividades e servizos ao longo de toda a fronteira hispano-lusa.

Ademais, non só existen os proxectos en marcha, tamén se estudan novos ámbitos de actuacións nos que a unión das partes reforce o resultado final. Algunhas posibilidades xa están avanzadas, como a colaboración en materia do medio ambiente, na loita contra o lume, no campo educativo e en I+D+i.

Este acordo, pois, non é máis que a extensión ás tres partes dunha colaboración que xa existía para o caso castelán desde o ano 2000, mentres que, para Galicia, os acordos de cooperación se estenden desde 1991, en relación á comunidade de traballo entre Galicia e a rexión Norte.

Perspectivas económicas de Galicia e do norte de Portugal para 2011

As previsións económicas, para este ano, en ambos os dous lados da fronteira luso-española non son prometedoras.

A duración da crise e o grao de recuperación da economía variará na medida en que evolucione, nos próximos trimestres, a demanda nos fogares e no sector empresarial. A priori, os indicadores dos distintos organismos internacionais constatan un estancamento dos principais agregados para ambas as dúas rexións que, en todo caso, experimentarán unha melloría no transcurso de 2012.

A Comisión Europea publicou, no último trimestre de 2010, as súas previsións para España e Portugal.

Magnitude	Zona	Previsión 2011	Previsión 2012
PIB	España	0,7%	1,7%
	Portugal	-1,0%	0,8%
	Galicia	1,0%	--
Paro	España	20,2%	19,2%
	Portugal	11,1%	11,2%
	Galicia	15,0%	--
Déficit público	España	-6,4%	-5,5%
	Portugal	-4,9%	-5,1%
Débeda	España	69,7%	73%
	Portugal	88,8%	92,4%

Fonte: Comisión Europea, do 29 de novembro de 2010.

Os datos de Galicia foron extraídos da Fundación das Caixas de Aforros (Funcas), do 27 de decembro de 2010.

O endurecemento das medidas económicas anunciadas para 2011 por parte dos gobernos, español e portugués conseguiu sosegar, aínda que quizais só de xeito provisional, a incerteza nos mercados internacionais.

Así, as medidas de axuste levadas a cabo en España e Portugal manteñen moitas coincidencias: a reestruturación do sector empresarial estatal, a suba do IVE, o recorte de beneficios fiscais, as rebaixas salariais no corpo de funcionarios etc.

As incertezas que achegan estas medidas teñen a súa orixe no débil crecemento de ambas as dúas economías; así, para pagar o que debe o Estado, as empresas e as familias, necesítase que o PIB creza e se xere emprego pero os duros plans de axuste non axudan nada neste sentido.

Oportunidades

A disparidade no crecemento entre Galicia e o norte de Portugal, durante a última década, vai provocar que o primeiro dos territorios abandone a súa condición de rexión en converxencia para o período 2014-2020.

Pola súa banda, o norte de Portugal ao ter unhas taxas de crecemento máis moderadas manterá, neste novo ciclo, as condicións de preferencia que tivo no período 2007-2013.

Tendo en conta o grande interese de Bruxelas en potenciar as rexións transfronteirizas da Unión Europea, esta asimetría podería converterse nunha boa oportunidade para ambas as dúas de cara a compartir un mellor horizonte de crecemento e desenvolvemento.

EURES promove Sessão de Formação para Colaboradores de Entidades Empresariais e Sindicais

No sentido de facilitar o acesso aos serviços oferecidos pela Rede EURES, em particular pelo EURES Transfronteiriço Norte de Portugal-Galicia, realizou-se no passado dia 26 de Janeiro de 2011, na Sede da AIMinho - Associação Empresarial, em Braga, uma sessão de formação conjunta dirigida aos técnicos das organizações empresariais e sindicais parceiras do EURES-T G-NP.

O objectivo fundamental desta sessão de formação foi a de promover a **criação duma Rede de Colaboradores EURES-T nas Entidades Empresariais e Sindicais** que darão apoio aos Conselheiros EURES na prestação de informações básicas sobre mobilidade transfronteiriça aos empregadores e/ou trabalhadores da Eurorregião Galicia-Norte de Portugal.

Assim, as pessoas interessadas em estabelecerem contacto com o EURES Transfronteiriço Galicia-Norte Portugal poderão fazê-lo através dos Técnicos colaboradores nas Entidades Empresariais e Sindicais, parceiras relevantes da Região Norte e da Galiza, nomeadamente, a AIMinho-Associação Empresarial, a Confederación de Empresarios de Galicia, a Associação Empresarial de Viana Castelo, a Associação Empresarial do Alto Tâmega, a União Empresarial do Vale do Minho, a Confederação Geral de Trabalhadores Portugueses (CGTP), Comisiones Obreiras de Galicia (CC.OO de Galicia), a União Geral de Trabalhadores de Portugal e a Unión Xeral de Traballadores de Galicia (UGT-Galicia).

Os participantes nesta sessão de formação conjunta puderam aceder a informações básicas relativas à Rede EURES e ao EURES Transfronteiriço Norte Portugal-Galicia, sobre direitos e obrigações dos trabalhadores e empregadores transfronteiriços e destacados em matéria de Segurança Social, questões Fiscais,

Legislação Laboral, possibilidades e vantagens da contratação a nível transfronteiriço, canais a utilizar, direitos e obrigações inerentes à contratação.

Estas noções básicas sobre o quadro legal, social e laboral da mobilidade transfronteiriça foram asseguradas por um grupo de formadores especializados, composto pelas Conselheiras EURES do Centro de Emprego de Valença (IEFP) e da Oficina de Emprego de Tui (Xunta de Galicia), pela Coordenadora do EURES Transfronteiriço Norte Portugal-Galicia, por um Técnico do Centro Distrital da Segurança Social de Braga e pela Directora e Subdirectora da Direcção Provincial do Instituto Nacional da Segurança Social (INSS) de Pontevedra.

De seguida, resumimos algumas das noções básicas sobre mobilidade transfronteiriça na Eurorregião Galicia-Norte de Portugal, em matéria de Segurança Social, que foram tratadas no Encontro:

A LIVRE CIRCULAÇÃO DE TRABALHADORES E A SEGURANÇA SOCIAL

O direito à liberdade de circulação de pessoas entre países do Espaço Económico Europeu tornou necessário estabelecer normas internacionais com o objectivo de garantir a protecção de quem se desloca de um Estado para outro e teve o efeito de impulsionar uma dinâmica de celebração de instrumentos internacionais de Segurança Social.

À par do desenvolvimento dos sistemas nacionais de protecção social na Europa, ganhou relevo a coordenação das diversas legislações de Segurança Social, isto é, a sua aplicação aos trabalhadores que se deslocam e suas famílias, sem alterar a estrutura e características das legislações em vigor.

A coordenação internacional de legislações de Segurança Social assenta nos princípios básicos de:

- **Igualdade de tratamento**, que constitui o objectivo primeiro e fulcral da coordenação de legislações e que pretende evitar que a nacionalidade seja um obstáculo à aplicação daquelas;
- **Conservação dos direitos adquiridos**, que visa evitar a perda de direitos em situações de deslocação para fora do território a que se aplica a legislação competente;
- **Conservação dos direitos em curso de aquisição**, que se substancia na totalização dos períodos de seguro ou equiparados cumpridos ao abrigo das legislações nacionais a que o trabalhador esteve sujeito;
- **Determinação da legislação aplicável** (princípio da unicidade), que impede a sujeição simultânea a várias legislações, adoptando-se, como regra geral, a sujeição à legislação do país de trabalho;

São, pois, estes os objectivos e princípios que conformam os **instrumentos internacionais** sobre segurança social em que Portugal e Espanha são parte, a saber: os **Regulamentos Comunitários sobre Segurança Social n.º 883/2004 e n.º 987/2009** (*substituem o Regulamento CEE 1408/1971 e 574/1972*).

Estes Regulamentos, que **entram em vigor em 1 de Maio de 2010**, aplicam-se na a coordenação dos sistemas de Segurança Social dos Estados-membros da União Europeia (Alemanha, Áustria, Bélgica, Bulgária, República Checa, Chipre, Dinamarca, Eslováquia, Eslovénia, Espanha, Estónia, Finlândia, França, Grécia, Hungria, Irlanda, Itália, Letónia, Lituânia,

Luxemburgo, Malta, Países Baixos, Polónia, Portugal, Reino Unido, Roménia e Suécia).

Não entanto, nos Estados Parte (Islândia, Liechtenstein e Noruega) e na Suíça serão de aplicação os Regulamentos CEE 1408/1971 e 574/1972 até à data em que finalize o procedimento formal para que estes Estados adoptem os novos Regulamentos.

● Pessoas abrangidas

Beneficiam das disposições dos novos Regulamentos os nacionais de cada um dos Estados acima enunciados, os refugiados e apátridas, bem como pessoas não activas. Beneficiam ainda das disposições dos Regulamentos as pessoas sujeitas aos respectivos regimes, independentemente da nacionalidade, que:

- Exerçam uma actividade por conta de outrem e ou por conta própria;
- Sejam membros da família das pessoas atrás mencionadas;
- Sejam membros sobreviventes da família daqueles trabalhadores e dos pensionistas, qualquer que seja a sua nacionalidade;
- Sejam estudantes;
- Sejam funcionários públicos.

● **Prestações abrangidas**, desde que integradas em regimes de Segurança Social, gerais e especiais, contributivos e não contributivos (*Regulamento CE nº 883/2004*):

- Doença;
- Maternidade e paternidade equiparadas;
- Invalidez;
- Velhice;
- Sobrevivência;
- Por acidente de trabalho e doença profissional;
- Subsídios por morte;
- Desemprego;

– Pré-reforma;

– Familiares.

● Determinação da legislação aplicável

Em princípio, uma pessoa está coberta pela **legislação do país onde trabalha** efectivamente por conta de outrem (assalariado) ou por conta própria (independente), qualquer que seja o local onde reside ou o local de estabelecimento do empregador.

Se trabalha num país da UE diferente do país onde reside para qual regressa ao todos os dias ou, pelo menos, uma vez por semana, é considerado um **trabalhador fronteiriço**. O país onde trabalha é o país responsável pelas prestações da Segurança Social a que tem direito. Aplicam-se, não entanto, **regras especiais** no caso da prestação de cuidados de saúde e desemprego, que serão prestados no **país de residência**.

Se for **destacado** pelo seu empregador (ou por decisão sua, se trabalha por conta própria) para trabalhar noutro país por um período máximo de 24 meses continua a estar coberto pela segurança social do seu país de origem. Estão neste caso os “trabalhadores destacados” a quem se aplicam condições especiais.

DOCUMENTOS NECESSÁRIOS PARA USUFRUIR DOS DIREITOS DA SEGURANÇA SOCIAL

A partir de 1 de Maio de 2010, para tornar efectivo o direito a uma prestação de Assistência Médica num país diferente ao competente é necessário estar em disposição dum documento comunitário estabelecido para o efeito (**Documento Portátil Justificativo do Direito ou Cartão Europeu de Seguro de Doença**), emitido pela instituição competente (em Portugal pelos Centros Distritais da Segurança Social e em Espanha pelos Centros de Atenção e Informação da Segurança Social).

Não entanto, os Formulários E, os cartões europeus de seguro de doença e os atestados provisórios de substituição emitidos pelas entidades competentes ao abrigo das antigas regras em matéria de coordenação continuam a ser válidos até à data em que caducarem ou forem retirados ou substituídos pela entidade competente. Serão tidos em conta pelos organismos competentes após a data de aplicação dos novos regulamentos sobre a modernização da coordenação, em matéria de Segurança Social, a partir de 1 de Maio de 2010.

OS NOVOS DOCUMENTOS PORTÁTEIS QUE SUBSTITUÍRAM OS ANTIGOS FORMULÁRIOS E

Desde 1 de Maio de 2010 que os Documentos Portáteis substituíram os antigos *Formulários “E...”* e são emitidos pelas instituições de Segurança Social onde está segurado.

Cada documento portátil é emitido para uma determinada pessoa, contendo o respectivo nome e outros elementos de identificação. O documento deve estar assinado e carimbado pelo organismo da Segurança Social que o emite. Alguns documentos portáteis podem incluir também os membros da família, que dependem do titular.

Os documentos portáteis podem ser identificados por uma bandeira da UE no canto superior esquerdo e uma referência à coordenação da Segurança Social no canto superior direito, bem como a indicação do organismo emissor na parte inferior. A única excepção é o Cartão Europeu de Seguro de Doença actual (CESD).

Os documentos portáteis mais utilizados pelos trabalhadores transfronteiriços serão:

- O Documento Portátil – **Formulário S1**: permite beneficiar de cuidados de saúde no país de re-

sidência (p. ex. Portugal), apesar do trabalhador estar segurado noutro país (p. ex. Espanha). É também o caso dos reformados que vivem no estrangeiro. Pode ainda ser útil para os membros da família de trabalhadores migrantes que ficaram no país de origem mas passaram a estar cobertos pelo sistema de segurança social do país onde trabalha actualmente o membro da família em causa. *Corresponde aos antigos Formulários E106, E109, E120 e E121.*

- O Documento Portátil – **Formulário S3**: permite aos trabalhadores que tiverem sido transfronteiriços beneficiar dum tratamento de saúde no país onde trabalharam, apesar de já não trabalharem nele. Pode ser a continuação dum tratamento médico iniciado quando estava a trabalhar ou inclusive, um novo tratamento.
- O Documento Portátil – **Formulário DA1**: confere ao trabalhador o direito de receber tratamento médico no país de residência (p. ex. Portugal) quando está segurado noutro país (p. ex. Espanha), em situações reservadas a casos de acidentes de trabalho e doenças profissionais. *Corresponde ao antigo Formulário E123.*

- O **Cartão Europeu de Seguro de Doença (CESD)** é um documento portátil comprovativo de que tem direito aos cuidados de saúde necessários num país diferente daquele em que está segurado, quando se encontra temporariamente num país diferente ao de residência, por exemplo por férias, destacamento, etc. Tem que ser solicitado pelo beneficiário na Segurança Social do país em que esteja segurado.

- O Documento Portátil – **Formulário U1**: é o documento comprovativo dos períodos descontados para a Segurança Social noutro país da UE, que serão tidos em conta no cálculo das prestações de desemprego.

Em Espanha, o Formulário U1 é solicitado no Serviço Público de Emprego Estatal (antigo INEM). Em Portugal, o U1 deve ser solicitado na Segurança Social. No caso dos trabalhadores transfronteiriços de Espanha e Portugal, deve ser apresentado ao serviço de emprego do país de residência onde tem que solicitar as prestações de desemprego. *Corresponde ao antigo Formulário E301.*

- O **Documento Recapitulativo – Documento P1**: contém um resumo das decisões de cada país

relativamente ao pedido de pensão e informa do modo como cada organismo competente tratou dos diferentes períodos de seguro.

- **Destacamento e Formulário A1**: quando trabalhador que exerce uma actividade no território dum Estado (p. ex. Portugal) ao serviço duma empresa, para a qual trabalha normalmente, e é destacado para outro Estado (p. ex. Espanha) para desenvolver um trabalho por conta da empresa, ficará sujeito à Segurança Social do primeiro Estado. Para que o destacamento se possa realizar, é necessário fazer um pedido na Segurança Social do país em que o trabalhador está segurado. A Segurança Social emitirá o Documento A1 que contém uma declaração sobre a legislação aplicável. *Corresponde aos antigos Formulários E112 e E103.*

O trabalhador deve solicitar também o Cartão Europeu do Seguro de Doença para poder ter Assistência Médica no país para o qual for destacado.

Este texto foi elaborado a partir da informação obtida nos sítios Web oficiais da Segurança Social de Espanha (www.seg-social.es), Portugal (www.seg-social.pt), do Portal da Comissão Europeia (<http://ec.europa.eu/social/>);

Legislação aplicável

- **Regulamento (CE) n.º 883/2004 do Parlamento Europeu e do Conselho**, de 29 de Abril de 2004, relativo à coordenação dos sistemas de segurança social, com a redacção que lhe foi dada pelo **Regulamento n.º 988/2009**. Este regulamento entrou em vigor a 1 de Maio de 2010. Em conjunto com o **Regulamento n.º 987/2009**, o pacote legislativo passa a ser denominado “coordenação modernizada dos sistemas de segurança social”. Foi publicada no Jornal Oficial da União Europeia uma versão consolidada destes regulamentos.
- **Regulamento (CE) n.º 987/2009 do Parlamento Europeu e do Conselho**, de 16 de Setembro de 2009, que estabelece as modalidades de aplicação do **Regulamento (CE) n.º 883/2004**, relativo à coordenação dos sistemas de segurança social.
- **Regulamento (CE) n.º 859/2003 do Conselho**, de 14 de Maio de 2003, que torna extensivas as disposições do **Regulamento (CEE) n.º 1408/71** e **(CEE) n.º 574/72** aos nacionais de Estados terceiros que ainda não estão abrangidos por estas disposições por razões exclusivas de nacionalidade.
- **Regulamento (CEE) n.º 574/72 do Conselho**, de 21 de Março de 1972, que estabelece as modalidades de aplicação do Regulamento (CEE) n.º 1408/71. A partir de 1 de Maio de 2010, este regulamento **foi substituído pelo Regulamento n.º 987/2009** para os cidadãos da UE. Porém, continua a ser aplicável na Islândia, no Liechtenstein, na Noruega e na Suíça, até que sejam alterados os acordos em vigor com o EEE e a Suíça, bem como a cidadãos de países terceiros que tenham a sua residência legal no território da UE, até que o Conselho Europeu conclua um acordo sobre a extensão dos novos regulamentos.

O futuro da cohesión e a súa dimensión territorial

PUNTO DE PARTIDA: A TRAXECTORIA DA COOPERACIÓN TERRITORIAL

A cooperación territorial europea, especialmente nas áreas fronteirizas, foi apoiada pola política rexional das comunidades europeas e da actual Unión Europea desde hai tempo. Desde os anos 90, coas iniciativas INTERREG que a Unión Europea xestionaba, de xeito directo, e nas que prevalecía o eixe da cooperación entre as rexións fronteirizas como a de Galicia e a do Norte de Portugal, ata o actual período de programación, no que a cooperación territorial europea se converteu nun dos tres obxectivos que centran a planificación e os recursos dos fondos estruturais para 2007-2013.

A planificación da cooperación territorial, neste período, articulouse ao redor de sesenta e seis programas operativos que, durante este período, destina a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional o 2,5% do total dos Fondos Estruturais, 8700 millóns de euros en total, dos cales 6400 millóns teñen como destino a cooperación fronteiriza. O resto divídese entre a cooperación transnacional e a interrexional.

A principal diferenza, con respecto á programación anterior, radica en que os Estados membros cobraron un maior protagonismo no deseño dos programas operativos de cooperación territorial, especialmente nas áreas fronteirizas, como por exemplo o Programa de cooperación transfronteiriça España-Portugal, que conta con 267 millóns de euros.

No transcurso dos últimos anos, a cooperación territorial reforzouse ao entenderse que se trataba dun aspecto clave para a cohesión. Proba diso é a inclusión no Tratado de Lisboa da dimensión territorial como obxectivo da cohesión económica, social e territorial. A continuación, o Tratado considera expresamente que para reducir as diferenzas entre o nivel de desenvolvemento das rexións, *"prestarase especial atención ás zonas rurais, ás zonas afectadas por unha transición industrial e ás rexións que padecen desvantaxes naturais ou demográficas graves e permanentes como, por exemplo, as rexións máis setentrionais cunha escasa densidade de poboación e as rexións insulares, transfronteiriças e de montaña"* (artigo 174 do Tratado de funcionamento da UE).

En virtude diso, o último informe sobre a cohesión, que se aprobou a finais de 2010, xa inclúe na súa análise a dimensión territorial desde o seu propio nome: Quinto Informe sobre a Cohesión Económica, Social e Territorial; tras analizar, para iso, entre outras cousas, os efectos territoriais das políticas aplicadas.

Ademais, non debemos esquecer o instrumento xurídico aprobado pola UE en 2006, que deu cobertura á creación de Agrupacións Europeas de Cooperación Territorial (AECT) a partir de 2007 con personalidade xurídica propia e con capacidade de participar e xestionar os recursos dos fondos estruturais destinados para a cooperación territorial.

Galicia e o norte de Portugal foron pioneiros ao constituír unha das primeiras AECT da Unión Europea, con sede en Vigo.

O FUTURO DA COHESIÓN

Na actualidade, estase a traballar tanto a nivel comunitario como a nivel dos estados e das rexións da Unión Europea no novo marco financeiro e xurídico que dará soporte á política rexional da Unión Europea e polo tanto á cohesión económica e territorial a partir do 2014 e ata 2020.

A devandita planificación debe ter en conta as consecuencias da crise e coordinarse coas estratexias postas en marcha pola propia UE, de maneira destacada a estratexia para a recuperación a longo prazo Europa 2020. A devandita estratexia outorga á dimensión territorial e ao enfoque de base local un importante valor.

O Quinto Informe da Cohesión destaca a importancia de apoiar a cooperación transfronteiriça no futuro, especialmente en áreas como o

desenvolvemento de infraestruturas e o fortalecemento da capacidade institucional. Ademais, reconece a escasa mobilidade dos traballadores na UE, especialmente se se compara con outros países como Estados Unidos e que pode ser un factor importante de recuperación económica e de dinamización do emprego.

CAMBIOS PROPOSTOS POLA COMISIÓN EUROPEA

O novo período de financiamento preparárase tendo en conta, ademais, os cambios que a Comisión Europea anticipa como necesarios e que, con toda seguridade, se reflectirán na proposta de regulamentos que, presentarán ao longo de 2011:

- Orientación á redución das cargas administrativas na planificación e na xestión dos fondos.
- Orientación cara a obtención de resultados, cunha definición de indicadores, a priori e con maior precisión.
- Unha aposta maior pola programación estratéxica a través de:
 - o Un marco estratéxico común que abranguería os seguintes fondos: Fondo de Cohesión, Fondo Social Europeo, Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e Fondo Europeo da Pesca.
 - o Un contrato de colaboración en materia de desenvolvemento e investimento con cada estado.
 - o Programas operativos que detallen, como ata agora, as actuacións.
- Aposta pola concentración temática que permita conseguir uns resultados máis tanxibles.
- Vincular a transferencia de recursos aos estados co cumprimento de condicións e obxectivos relacionados coa cohesión ou con outras políticas comunitarias.
- Recuperar as accións innovadoras que, con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e ao Fondo Social Europeo, a Comisión Europea xestionaba, de xeito directo, e que desapareceran no período actual de programación.
- Aposta por mellorar e intensificar o uso dos instrumentos de enxeñaría financeira. Para iso, valorárase ampliar o ámbito de aplicación e os recursos a disposición das empresas, tras preservar, en determinadas áreas, as subvencións a xeito de cofinanciamento e a diferenciación que regule entre as subvencións a fondo perdido e os instrumentos de enxeñaría financeira.
- Aposta por un sistema de aplicación simple e racionalizado tanto para as administracións estatais e rexionais encargadas da xestión como para a propia Comisión Europea.

PRESUPOSTOS E CRITERIOS DE REPARTICIÓN

Como aconteceu ata agora, a distribución de recursos a nivel rexional terá en conta principalmente o PIB per cápita. Iso non será especialmente relevante para o norte de Portugal se, como é previsible, se mantén o corte no 75% do PIB da media da UE para diferenciar as rexións menos desenvolvidas e polo tanto as que máis recursos percibirán das demais, dado que seguirá entre as primeiras.

O caso de Galicia é distinto, xa que estatisticamente superou ese 75%. Por iso, o debate relevante para a devandita rexión será a existencia dun réxime transitorio que impida unha caída brusca dos recursos que

percibe. A previsión é que o devandito réxime se manteña a partir de 2014, pero faltan por definir as condicións e os criterios de repartición que, con seguridade, centrarán a negociación dos Estados membros no seo da UE.

A COOPERACIÓN TERRITORIAL A PARTIR DE 2014

En canto á dimensión territorial do obxectivo de cohesión, a Comisión Europea é consciente da necesidade de achegar, de novo, un obxectivo específico de cooperación territorial europea, mantendo o apoio ás tres vertentes da cooperación: transfronteiriza, transnacional e interrexional, tras incluír a revisión e a simplificación do marco xurídico da cooperación transfronteiriza, tanto nas fronteiras interiores da UE, financiadas polo Fondo Social Europeo e o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, como a cooperación con terceiros países distribuídos en:

- Países candidatos, a través do instrumento financeiro de preadhesión.
- Países veciños, a través do instrumento europeo de veciñanza e asociación.
- Con outros estados, a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento.

O PAPEL DAS AECT E DAS MACRORREXIONS

A planificación de actuacións en áreas transfronteirizas deberá ser obxecto de coordinación e de disposicións específicas, e mesmo de programas específicos de planificación (véxase o actual Programa operativo de cooperación transfronteiriza España-Portugal).

Neste sentido, débese ter en conta o papel das Agrupacións Europeas de Cooperación Territorial e das novas estratexias macrorrexionais.

En canto ás Agrupacións Europeas de Cooperación Territorial, Galicia asumiu o relatorio dun ditame do Comité das Rexións sobre a revisión da normativa das AECT, que foi aprobado polo pleno o pasado 27 de xaneiro e no que o devandito comité fai importantes reivindicacións en canto ao papel das AECT en favor do obxectivo de cohesión económica, social e, especialmente, na súa dimensión territorial. Probablemente, moitas desas liñas reflectiránse no futuro papel destas agrupacións no novo período de programación a partir de 2014. Algunhas delas son:

- As AECT poden representar unha liña política e xurídica clave no obxectivo de cohesión, e aínda máis respecto á súa

dimensión territorial. É por iso que se destaca a idoneidade das AECT tanto económica como financeira para canalizar entre outros, os programas e os proxectos de cooperación territorial cofinanciados cos instrumentos da política rexional e, ademais, recórdase no ditame a habilitación que o actual regulamento concede ás AECT para xestionar os programas operativos de cooperación territorial.

- Con respecto a isto, o Comité das Rexións propón que a Comisión Europea trate un desenvolvemento normativo do regulamento das AECT para vinculalas á xestión dos fondos estruturais destinados á cooperación territorial e, en xeral, ao obxectivo de cohesión territorial.
- Ata o momento, fíxose un uso limitado das AECT no marco dos instrumentos de cohesión (principalmente o FEDER) e, ademais, é escaso o número de iniciativas de constitución. Por outra parte, reflíctese a excesiva complexidade e duración dos procesos de constitución.
- O Comité das Rexións propón fomentar e permitir, ademais, que as entidades privadas participen nas AECT ou colaboren con elas para, así, contribuír tanto ao desenvolvemento de actividades coma ao cumprimento dos seus obxectivos.

En canto ás novas estratexias de cooperación macrorrexionais, estas deberían basearse e fundamentarse en necesidades e obxectivos concretos sobre un territorio máis amplo que permita optimizar os resultados de determinados actuacións con carácter integrado sobre o devandito territorio.

Galicia promoveu a creación dunha macrorrexión (rexións do sudoeste europeo) que conta coa participación, entre outras áreas, do norte de Portugal para preparar as estratexias e os proxectos comúns que poidan atopar encaixe no futuro marco das intervencións da política de cohesión a partir de 2014.

PRÓXIMOS PASOS

O quinto informe da cohesión propuxo unha consulta pública sobre o futuro da política de cohesión que finalizou o pasado mes de xaneiro.

A partir desa data, a Comisión Europea inicia a elaboración das propostas lexislativas que soportarán a arquitectura da política de cohesión 2014-2020 e que deberán contar co presuposto e cos criterios de repartición que negociarán os Estados membros.

PIB per cápita en porcentaxe sobre a media da Unión Europea a 27

Territorio/Ano	2007	2006	2005	2004	2003	2002	2001	2000	1999	1998	1997	1996
Unión Europea	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
España	94,2	94,5	93,2	91,0	89,9	86,2	84,5	82,2	81,5	79,6	78,7	80,7
Galicia	79,6	78,3	76,1	73,2	71,2	67,5	65,6	63,8	64,3	63,2	63,1	65,2
A Coruña	83,7	81,8	80,1	76,7	74,6	70,7	67,2	65,7	67,2	66,9	66,5	68,9
Lugo	75,0	76,0	74,0	68,3	66,9	63,5	63,1	60,9	57,7	58,7	59,5	63,8
Ourense	68,4	68,5	67,4	65,5	65,8	63,2	60,4	57,7	57,4	55,4	56,5	58,9
Pontevedra	80,3	78,5	75,4	73,5	70,7	66,9	66,5	65,1	66,0	63,4	62,8	63,7
Portugal	61,7	62,1	62,9	63,4	64,0	63,8	63,5	62,8	63,0	61,6	60,4	59,9
Norte	49,3	49,2	49,9	50,2	51,0	51,6	52,1	51,0	52,3	50,5	50,5	50,9
Minho-Lima	38,8	39,3	38,9	39,2	39,9	39,6	39,4	38,7	39,6	39,2	38,3	38,7
Cávado	47,4	47,8	48,3	49,1	49,3	50,1	49,4	47,2	46,4	46,4	45,3	46,1
Ave	44,6	45,8	46,8	48,4	50,5	50,8	50,5	49,9	50,5	48,7	49,2	49,7
Grande Porto	61,5	61,0	62,7	63,2	63,9	64,8	67,2	66,6	69,7	67,4	67,9	68,2
Tâmega	36,2	35,9	34,8	34,4	35,4	35,8	35,3	34,2	34,0	30,3	32,6	31,6
Entre Douro e Vouga	50,5	50,2	51,2	51,7	52,9	56,7	55,4	53,1	55,9	54,3	52,9	52,7
Douro	42,4	42,2	41,9	40,5	41,1	40,2	40,2	37,9	37,0	39,1	35,6	37,8
Alto Trás-os-Montes	42,4	42,5	42,8	41,8	40,6	39,3	39,4	38,7	38,5	37,2	36,2	38,5

O primeiro semestre do ano 2010 iniciouse cunha cifra de poboación activa que elebouse a 3.290.200 persoas e pechouse cunha poboación activa que ascendeu a 3.276.800 persoas, o que supón un descenso de 13.400 persoas. A definición que se dá a este indicador, a ambos os dous lados da fronteira, ten matices diversos, así, en Portugal enténdese por poboación activa ao conxunto de individuos con idade mínima de 15 anos que, no período de referencia, constitúen a man de obra dispoñible para a produción de bens e servizos que entran no circuíto económico

Poboación activa (en miles)			
Galicia			
	Total	Homes	Mulleres
2010/I	1.297,7	702,4	595,3
2010/II	1.295,4	700,8	594,7

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE).

En canto á taxa de actividade, en Galicia, iniciábase o ano cunha taxa do 54,8%. Esta taxa viuse lixeiramente reducida, no primeiro semestre do ano 2010. Na rexión norte de Portugal, o ano iniciábase cunha taxa de actividade de 62,4%, taxa que se incrementaba no primeiro trimestre

Taxa de actividade			
Galicia			
	Total	Homes	Mulleres
2010/I	54,4	61,7	47,8
2010/II	54,4	61,6	47,8

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE).

Respecto á taxa de paro, esta viuse incrementada en Galicia, ao longo do primeiro semestre do ano 2010, período que se iniciaba cunha taxa de paro do 12,9% e remataba cun 15,6%. Este incremento na taxa de paro afectou por igual a poboación feminina e a masculina de Galicia. No norte de Portugal, o ano 2010 iniciábase cunha taxa

Taxa de paro			
Galicia			
	Total	Homes	Mulleres
2010/I	15,5	14,6	16,5
2010/II	15,6	14,7	16,6

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE).

(empregados e desempregados); a definición que se dá para a poboación economicamente activa en Galicia é a de un conxunto de persoas que, nun período de referencia dado, subministran man de obra para a produción de bens e servizos económicos ou que están dispoñibles e fan xestións para incorporarse á devandita produción. Na enquisa de poboación activa (EPA) española, este indicador refírese a persoas de 16 ou máis anos que, durante a semana de referencia, cumpren as condicións para a súa inclusión entre as persoas ocupadas ou paradas.

Poboación activa (en miles)			
Norte de Portugal			
	Total	Homes	Mulleres
2010/I	1.985,6	1.059,8	925,8
2010/II	1.981,4	1.048,4	933,0

Fonte: Instituto Nacional de Estatística (INE) de Portugal.

do ano ata alcanzar un 62,7% e descendía no segundo trimestre ao 62,6%, se ben este descenso produciuse entre os homes e non entre as mulleres.

Taxa de actividade			
Norte de Portugal			
	Total	Homes	Mulleres
2010/I	62,7	70,1	56,0
2010/II	62,6	69,3	56,4

Fonte: Instituto Nacional de Estatística (INE) de Portugal.

de paro do 11,9% e chegou a alcanzar un 12,2% ao final do primeiro semestre; se ben, cabe destacar que a devandita taxa diminuíu entre o primeiro e o segundo trimestre do ano se atendemos á taxa global. Se a desagregamos por xénero observamos que a taxa de paro entre os homes diminuíu pero aumentou entre as mulleres.

Taxa de paro			
Norte de Portugal			
	Total	Homes	Mulleres
2010/I	12,5	10,9	14,2
2010/II	12,2	10,3	14,4

Fonte: Instituto Nacional de Estatística (INE) de Portugal.

Oferta e demanda de emprego

Ocupacións con maior demanda no norte de Portugal

O maior número de ofertas de emprego xestionadas nos centros de emprego de Portugal, e referidas a postos de traballo na rexión norte, no primeiro semestre do ano 2010, referíronse a operarios industriais. O total de ofertas tramitadas, na rexión norte, polos centros de emprego, neste período, ascende a 24.245 ofertas, as referidas a operarios industriais ascenden a 4598 ofertas, o que supón case un 19% do total, séguenlle as ofertas referidas a peóns industriais da construción e da minaría con case un 13% do total (3078 ofertas en números absolutos) e as referidas a persoal de servizos, protección e seguridade con practicamente un 12% do total (2902 ofertas en números absolutos).

	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño
Operarios industriais	807	620	701	706	957	807
Persoal de servizos, protección e seguridade	382	46	524	673	678	599
Peóns industriais, construción e minaría	432	490	465	499	693	499
Traballadores cualificados da construción e minaría	322	241	380	471	398	347
Empregados tipo administrativo	335	403	289	437	343	258
Traballadores non cualificados de servizos e comercio	258	240	356	342	424	314
Traballadores cualificados industria	240	248	355	367	248	210
Condutores e operadores de maquinaria móbil	267	138	312	339	278	242
Dependentes e vendedores	164	219	195	200	220	192
Técnicos e profesionais nivel intermedio	183	97	147	187	312	146
Titulados medios universitarios	89	106	122	106	86	77
Licenciados universitarios	93	81	100	150	93	76

Fonte: elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto de Emprego e Formación Profesional (IEFP) e do Servizo Público de Emprego de Portugal.

Ocupacións con maior demanda en Galicia


O número total de postos ofrecidos para a súa xestión ao Servizo Público de Emprego de Galicia, no primeiro trimestre do ano 2010, ascendeu a 13.930 altas, entre eles, os postos máis ofrecidos foron os de traballadores da construción cun total de 2634 altas o que representa case un 19% do total. A estes postos séguenlle as ofertas dirixidas a traballadores de servizos de restauración (hostalaría) cun total de 2060 altas o que supón, practicamente, un 15% do total e os postos de peóns da agricultura, da pesca, da construción, da industria e dos transportes cun total de 1822 altas que representan pouco máis dun 13%.

	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño
Traballadores servizos restauración	233	195	306	349	381	598
Peóns agricultura, pesca, construción, industria e transportes	49	64	94	199	545	871
Traballadores construción	166	216	182	363	701	1006
Técnicos e profesionais nivel intermedio	190	201	235	134	246	382
Empregados tipo administrativo	71	140	91	134	97	170
Dependentes e vendedores	41	61	73	57	52	68
Traballadores cualificados da agricultura	13	11	17	15	58	174
Condutores e operadores de maquinaria móbil	63	42	78	45	129	193
Operarios industriais	29	19	26	15	36	52
Traballadores cualificados industria	51	63	55	75	85	78
Titulados medios universitarios	43	44	77	47	58	115
Traballadores non cualificados de servizos	88	94	174	180	279	419
Licenciados universitarios	55	60	66	73	94	122
Traballadores de servizos, protección e seguridade	8	4	330	294	56	563
Traballadores cualificados de artes gráficas	10	31	19	51	36	25

Fonte: elaboración propia a partir de datos estatísticos do Servizo Público de Emprego Estatal e da Consellería de Traballo e Benestar.


Na táboa clasificatoria das sete ocupacións máis demandadas en Galicia e no norte de Portugal, o peso específico de cada ocupación reflíctese nos seguintes gráficos.

Ocupacións máis demandadas no Norte de Portugal



Fonte: elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto do Emprego e Formación Profesional (IEFP) e do Servizo Público de Emprego de Portugal.

Ocupacións máis demandadas en Galicia



Fonte: elaboración propia a partir de datos estatísticos do Servizo Público de Emprego Estatal e da Consellería de Traballo e Benestar.

Ofertas de emprego por sector produtivo no norte de Portugal

Na rexión norte de Portugal, o sector produtivo que comunica o maior número de ofertas de emprego segue a ser a industria manufacteireira e, dentro desta, aquela dedicada á fabricación de téxtiles e vestuario xunto coa industria alimenticia, de bebidas e de tabaco. Así, dun total de 24.245 ofertas tramitadas nos centros de emprego da rexión norte de Portugal, 6.534 dirixíanse para cubrir postos no sector industrial, é dicir, case un 27% do total. O segundo sector con maior oferta, no primeiro semestre do ano 2010, foi o de actividades inmobiliarias, administrativas e dos servizos de apoio cun total de 4.746 ofertas o que supón case un 20% do total.

	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño
Industria manufacteireira	975	823	1144	1038	1316	1238
Construción	402	407	449	602	595	406
Comercio e reparación de vehículos	516	437	507	449	521	488
Actividades inmobiliarias	661	763	641	1013	1032	636
Hostalaría	242	244	259	406	373	485
Administración pública, educación, sanidade e servizos sociais	154	141	253	255	277	174
Transporte, almacenaxe	87	62	222	145	121	49
Actividades de comunicación	20	35	23	28	25	33
Agricultura, gandería e pesca	92	32	39	78	54	17
Electricidade, gas, auga e saneamento e residuos	13	27	29	23	6	11
Actividades financeiras e de seguros	10	6	3	10	14	15
Outras actividades de servizos	89	114	110	167	148	142
Industria extractiva	354	223	210	236	239	7
Actividades profesionais, científicas e técnicas	52	68	100	110	71	81


Fonte: elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto do Emprego e Formación Profesional (IEFP) e do Servizo Público de Emprego.

Ofertas de emprego por sector produtivo en Galicia


O maior número de postos ofrecidos para a súa intermediación laboral nas unidades de xestión do Servizo Público de Emprego de Galicia, durante o primeiro semestre do ano 2010, refírense ao sector da Administración pública, da defensa, da educación, da sanidade e dos servizos sociais cun total de 5010 postos ofrecidos, o que supón case un 36% das ofertas totais tramitadas polo Servizo Público de Emprego. Séguenlle as ofertas de emprego referidas ao sector da construción cun total de 2775, é dicir, case un 20% do total de postos ofrecidos e, con moita diferenza, as ofertas do sector do comercio cun total de 1094 o que supón case un 8% do total.

	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño
Administración pública, defensa, educación, sanidade e servizos sociais	226	230	651	522	847	2534
Hostalaría	115	104	140	144	200	230
Construción	163	241	202	465	961	743
Industria manufacteireira	0	128	104	138	110	116
Actividades inmobiliarias, administrativas e serv. aux.	62	89	97	91	120	239
Comercio e reparación de vehículos	156	164	207	171	193	203
Agricultura, gandería e pesca	29	22	47	23	33	118
Transportes, almacenaxe	21	25	15	13	36	27
Información e comunicacións	33	15	25	28	17	14
Financeiras e seguros	39	24	36	20	26	14
Industria extractiva	0	0	0	1	0	1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	48	53	53	86	60	86
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	15	16	54	167	124	239
Outras actividades de servizos	101	93	156	129	84	172

Fonte: elaboración propia a partir de datos estatísticos do Servizo Público de Emprego Estatal e da Consellería de Traballo e Benestar.



Fonte: elaboración propia a partir de datos estatísticos do Servizo Público de Emprego Estatal e da Consellería de Traballo e Benestar.



Fonte: elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto do Emprego e Formación Profesional (IEFP) e do Servizo Público de Emprego de Portugal.

Libre prestación de servizos no sector da construción

O Tribunal de Xustiza da Unión Europea declarou contrario, aos tratados, o réxime de autorización esixido en Portugal ás empresas da construción establecidas noutros Estados membros para a prestación de servizos no devandito sector.

O Tribunal de Xustiza pronunciouse o pasado mes de novembro sobre esta situación.

Que determina a normativa portuguesa?

A normativa portuguesa impón ás empresas da construción que desexen operar en Portugal un permiso expedido polo Instituto da Construção e do Inmobiliario cuxa validez é dun ano. No caso de obras ou traballos menores, esíxese un certificado de rexistro con validez máxima de cinco exercicios. Ambas as dúas autorizacións son constitutivas, xa que sen elas non é posible desenvolver actividades de construción, reconstrución, ampliación, reparación, transformación, conservación, rehabilitación, limpeza, restauración, demolición e, en xeral, calquera outro traballo relacionado coa construción.

As actividades executadas, á marxe do sistema, implican unha infracción moi grave que pode ser sancionada con multas de ata 44.800 €.

En que consiste o réxime de autorizacións ou certificación de rexistro?

As empresas deben demostrar á Administración portuguesa que reúnen os seguintes requisitos:

- Aptitude comercial.
- Capacidade técnica: baseándose na estrutura organizativa da empresa (organigrama e experiencia na execución de obras), débese xustificar os recursos humanos, medios técnicos e experiencia efectiva na actividade.
- Capacidade económica e financeira.

Cal foi o procedemento?

No ano 2006, a Comisión Europea trasladara a Portugal a incompatibilidade deste réxime normativo coa libre prestación de servizos tida en conta nos tratados, principalmente polos seguintes motivos:

- Non diferenza entre os requisitos esixidos aos que prestan servizos para o seu establecemento permanente en Portugal e os esixidos aos que prestan servizos temporais establecidos noutros estados da UE e, polo tanto, sen establecemento permanente en Portugal.
- Non ter en conta as obrigas que os que prestan servizos xa se acreditaron nos estados de establecemento.

Pola súa banda, Portugal defende a pertinencia do réxime de autorización previa, en virtude da necesidade de preservar o interese público e en especial a defensa dos consumidores, a seguridade, a loita contra a fraude e a protección do medio. Por todo iso, o dito réxime non responde senón a razóns imperiosas de interese xeral.

A Comisión Europea, tras a remisión dun ditame motivado a Portugal e ante a desconformidade do devandito Estado, interpuxo un recurso ante o Tribunal de Xustiza da UE en abril de 2009.

O Tribunal de Xustiza recoñeceu a demanda da Comisión Europea e entende que Portugal incumpriu as obrigas do artigo 49 do tratado da UE, ao esixir aos que prestan servizos de construción establecidos noutro Estado membro o cumprimento de todos os requisitos aos que a normativa portuguesa (Decreto lei 12/2004, do 9 de xaneiro) somete os operadores establecidos en Portugal e ignora as obrigas xa cumpridas noutros estados da UE.

A pesar de que non se ten en conta a Directiva de servizos do mercado interior (2006/123/CE) neste caso concreto, xa que a súa aplicación é posterior ás actuacións da Comisión Europea, nos argumentos xurídicos do Tribunal de Xustiza, inclúense algunhas achegas de grande interese para a libre prestación de servizos:

- A necesidade de eliminar calquera restrición, aínda que se aplique indistintamente aos que prestan servizos nacionais e aos dos demais Estados membros, cando poidan prohibir, obstaculizar ou facer menos interesantes as actividades do que presta o servizo establecido noutro Estado membro, no que preste legalmente servizos análogos.
- A duración dos servizos, que no caso dos traballos de construción pode estenderse durante anos, non implica necesariamente o establecemento do que presta o servizo nun Estado membro. Por exemplo, a construción dunha grande obra de infraestrutura (como as do tren de alta velocidade).
- O réxime de autorizacións administrativas queda reducido no novo marco xurídico establecido pola Directiva de Servizos a aqueles supostos que o xustifiquen por razóns imperiosas de interese xeral cando concorran toda unha serie de requisitos que a xurisprudencia do Tribunal de Xustiza se encargou de definir ao longo dos anos e que agora a directiva de servizos fixoo positivo.

É importante para as empresas da Eurorrexión o recoñecemento mutuo dos controis que realicen as autoridades de cada estado sobre os seus operadores á hora de prestar servizos ao outro lado da fronteira.

PEAXES DE PORTUGAL

A mediados de outubro, entrou en vigor a normativa portuguesa que converte ás autovías SCUT (custos para o usuario) do norte de Portugal en vías de pagamento. Esta medida causou grande impacto nos usuarios galegos, xa que afecta varias vías de comunicación entre Galicia e a rexión norte de Portugal, especialmente a autovía que une o sur da comunidade con Oporto (A28).

Esta medida foi cuestionada baseándose en dous motivos:

- Pola discriminación no prezo en favor dos usuarios locais, que gozan dun sistema de descontos aos que non poden optar os usuarios doutros Estados membros.
- Polos sistemas de pagamento establecidos, que exclúen o pagamento en metálico ou con tarxetas de crédito, restrinxíndoo a través de dispositivos dinámicos. Esta imposición prexudicou os usuarios estranxeiros, que deben adquirir ou alugar un dispositivo, para o cal deben depositar por adiantado unha fianza non reembolsable. Ademais, non se poden beneficiar do pagamento a posteriori como os usuarios portugueses, que dispoñían dun prazo de cinco días hábiles para pagar a peaxe tras utilizar a vía, sen ningún tipo de penalización.

En consecuencia, o sistema implica un importante menoscabo para os usuarios galegos, que deu lugar á presentación, por parte da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), dunha denuncia ante a Comisión Europea. Así mesmo, os eurodeputados galegos interpelaron o executivo comunitario sobre este asunto, o que propiciou a solicitude de información sobre o devandito sistema para analizar a súa compatibilidade coa normativa comunitaria. Unha vez revisada, en

caso de ser contraria, poderíase abrir un expediente de infracción e mesmo unha denuncia ante o Tribunal de Xustiza.

O goberno galego tamén demandou a Portugal a posta en marcha de novas facilidades de pagamento. Atendendo a esta petición, o Ministerio de Obras Públicas, Transportes e Comunicacions de Portugal ofrece nestes momentos o prepagamento por Internet e sen dispositivo electrónico para determinados tramos e por un tempo limitado (máximo con cinco días de antelación).

Previsiblemente, esta posibilidade de prepagamento estará tamén dispoñible nas áreas de servizo e no aeroporto de Oporto, e aceptará nestes casos o pagamento en metálico.

O certo é que existe a posibilidade de prepagamento por Internet a través da páxina de Correos de Portugal, se ben se esixe indicar con antelación o itinerario (xa que non se permite o pagamento a posteriori) o que implica un custo moito máis elevado que para os usuarios portugueses, xa que está gravado pola propia taxa de utilización da vía, ademais de por importantes custos administrativos.

Por outro lado, existe o compromiso de que os dispositivos de pagamento dinámico se comercialicen en Galicia, suposto ata o de agora imposible.

Se ben é certo que non se produciron sancións aos usuarios galegos ata o momento, os primeiros meses de funcionamento do novo sistema de peaxe coinciden cun descenso do 18% nos intercambios económicos entre Galicia e o norte de Portugal, segundo o secretario de Estado de Fomento do país luso.

Consultas

Obtención do número do contribuínte

Un profesional residente en Galicia, desenvolve a súa actividade en Portugal e polo tanto necesita a obtención dun número de identificación fiscal no devandito país. Necesita designar para iso un representante legal?

Segundo o artigo 130 do *Código do Imposto sobre o Rendimento das Pessoas Singulares (IRS)*, os cidadáns non residentes que obteñan rendementos tributables en Portugal, deben designar un representante fiscal ante a Administración lusa co obxectivo de garantir o cumprimento das súas obrigas fiscais.

Mesmo a mera propiedade de bens ou dereitos sobre inmobles en Portugal pode esixir a designación dun representante legal. En caso de non dispoñer desta figura, podería darse o caso da non notificación do contribuínte e á imposibilidade de reclamación, impugnación ou recurso dos actos da Administración tributaria.

A Comisión Europea considera a devandita obriga incompatible co dereito comunitario e instou a Portugal a rectificar a súa normativa, por ser contraria á libre circulación de capitais e persoas e en todo caso unha medida excesiva para garantir o pagamento das obrigas tributarias dos contribuíntes non residentes.

Cuestión sobre o IVE

Un profesional portugués, que traballa no sector da construción no seu país, compra asiduamente materiais para o desenvolvemento do seu traballo en tendas españolas situadas en zonas próximas á fronteira. O profesional solicita o comerciante que lle facture sen IVE a mercadoría. Pode o comerciante proceder á devandita facturación?

Os bens que se comercialicen para o seu uso fóra de España, sempre que se cumpran os requisitos establecidos, constitúen unha entrega intracomunitaria de bens e deben ser facturados sen o IVE español. Para iso, deben concorrer dúas circunstancias: a primeira, que exista unha "expedición" ou "transporte" desde España a outro Estado membro (polo vendedor ou polo comprador); e segunda, que o adquirente sexa un empresario ou un profesional "debidamente identificado para os efectos do IVE" en Portugal.

Por iso, e para evitar problemas posteriores, é moi importante que o vendedor se asegure tanto da debida identificación do cliente como do operador intracomunitario noutro estado distinto ao de venda (neste caso, identificación como operador en Portugal) como da proba da existencia do transporte das mercadorías ao devandito estado.

Esta última cuestión pode xustificarse a través dos documentos de transporte (expedidos polo transportista) ou dos que xustifiquen a entrega en almacén ou depósito en destino. Non obstante, resulta complicado que o vendedor poida probar a entrega intracomunitaria de bens cando é o propio comprador o que cos seus medios realiza o transporte ao país veciño. Neste suposto, o vendedor deberá extremar as precaucións.

Confederación de Empresarios de Galicia (CEG)

Rúa do Vilar, 54

15705 Santiago de Compostela

Tel.: + 34 981 555 888

Fax: + 34 981 555 882

Correo electrónico: euoinfo@ceg.es

<http://www.ceg.es>

EURES Transfronteirizo Norte Portugal-Galicia

Ed. Ex-Alfândega. Av. de Espanha

4930 - 677 Valença. Portugal

Tel.: + 351 251 826 105

Fax: + 351 251 826 104

<http://www.eures-norteportugal-galicia.org>

Cooperación empresarial

A Dirección Xeral de Empresa e Industria da Comisión Europea puxo a disposición da Enterprise Europe Network unha ferramenta telemática especialmente deseñada para identificar e localizar empresas interesadas en establecer acordos de cooperación: a *Business Cooperation Database*.

A continuación, preséntanse algúns perfís de cooperación ofertados ou demandados por empresas portuguesas ou galegas. Pódese solicitar información complementaria e referencias das ofertas publicadas no Servizo de Información Europea da Confederación de Empresarios de Galicia (euoinfo@ceg.es).

Portugal

Empresa portuguesa, especializada na produción de farína, galletas e pastelería industrial, busca socios interesados en subcontratar a produción da farína que se emprega na produción de farelo e na de alimentación animal.

Ref. 11/003/EC

Fabricante portugués, de produtos de cemento para a industria da construción (bloques de cemento, con illamento acústico, bloques con illamento térmico, pavimentos de cemento etc.) busca intermediarios comerciais en España.

Ref. 11/002/EC

Empresa portuguesa, especializada na fabricación e na venda de mobiliario para oficina, bibliotecas e colexios, busca servizos de intermediación comercial (axentes e distribuidores) en España.

Ref. 11/001/EC

Empresa portuguesa, especializada na produción e comercialización de produtos de panadería, pastelería e confeitaría e alimentos conxelados, busca intermediarios comerciais.

Ref. 10/595/EC

Empresa portuguesa, especializada na produción de materiais para a construción (cemento e morteiros), busca servizos de intermediación comercial (axentes, representantes e distribuidores) para distribuír os seus produtos en novos mercados europeos.

Ref. 10/464/EC

Empresa portuguesa, especializada en estudos de transporte e tráfico, estudos ambientais e estudos de impacto urbano, busca intermediarios comerciais e oportunidades de franquía, *joint venture* e produción.

Ref. 10/416/EC

España

Empresa galega, especializada en produtos tecnolóxicos de *software* para hoteis (solucións PMS e ERP), busca unha empresa ou un representante para distribuír, en exclusiva, os seus produtos, así como para realizar o proceso de aplicación en hoteis.

Ref. 10/039/NEC

Empresa galega, especializada na pasteurización e na comercialización de marisco de alta calidade (mexillóns, berberechos, ameixas, navallas, caramuxos, bois, percebes, cangrexos, lagostas, etc.) busca axente, representante ou distribuidor.

Ref. 10/038/NEC

Empresa galega, fabricante de captadores solares térmicos planos e absorbentes (ultrasón) busca unha empresa para distribuír os seus produtos. Así mesmo, a empresa busca un socio interesado na subcontratación da fabricación de captadores solares térmicos.

Ref. 10/037/NEC

Empresa galega, especializada na venda de produtos de alta calidade gastronómica de Galicia (viños, licores, queixo, conservas, doces, etc.), busca socio para cooperación comercial: axente, representante ou distribuidor.

Ref. 10/036/NEC

Empresa galega, especializada en servizos de consultoría ambiental, de enxeñaría, de sustentabilidade e eficiencia enerxética, ofrece os seus servizos e busca socio para *joint venture* ou subcontratación.

Ref. 10/035/NEC

Empresa galega, especializada en servizos de intermediación comercial (compra-venda) de materiais de construción exclusivos, busca e ofrece os seus servizos para cooperación comercial. Así mesmo, ofrece os seus servizos como socio para subcontratación.

Ref. 10/034/NEC

Empresa galega, especializada no deseño e na produción de lámpadas decorativas, busca axente ou distribuidor para cooperación comercial.

Ref. 10/033/NEC

Empresa galega, especializada en servizos de tradución xurada e de interpretación español-polaco, ofrece os seus servizos como socio para subcontratación.

Ref. 10/032/NEC

Empresa galega, especializada na produción dun viño con denominación de orixe Rías Baixas, busca cooperación comercial para distribuír os seus produtos en tendas *delicatessen* e restaurantes.

Ref. 10/031/NEC

Empresa galega, comerciante por xunto/retallista de produtos turísticos e especializada en servizos de axencias de viaxes, ofrécese e busca un socio para servizos de intermediación comercial: representación.

Ref. 10/030/NEC

Os contidos e información incluídos neste boletín non vinculan a Confederación de Empresarios de Galicia, pois trátase dun servizo ofrecido con carácter informativo e divulgativo.

Queda prohibida a reprodución total ou parcial dos contidos do presente boletín sen a autorización da Confederación de Empresarios de Galicia.

Depósito Legal: C-4398-2007

ISSN: 1888-3664